

ELEXÍA

SEÑOR, AS TÚAS PUPILAS SON MOI AZUIS.

Señor,
as túas pupilas son moi azuis.
Cando miro cara a túa casa, de día, ti óllasme con elas,
pero se miro cara a túa casa, de noite, non chas vexo.
Acaso é de noite cando cerras os ollos?
Acaso cando o día se escurece é por que estás canso?
E cando espertas, ¿lavas as lagañas?
¿E cando te secas co manto das nubes escórrelo sobre nós?,
e nós dicimos que chove, nós, somos así, coma ti nos fixeches.
Aquí, onde eu vivo chove moito, Señor, e os nosos campos están verdes e os nosos ríos
saturados e temos peixes e patacas,
e matamos os porcos e temos touciño e xamón, e dicimos: “Grazas a Deus!”
Pero nunca se di grazas ós porcos.
Esta é terra de melancolía, de chorima,
esta é a terra de Rosalía, ti ven a coñeciches. Ela, a pobre tola, era moi choromiqueira.
A ela os curas apedrárona igual que aqueloutra quen salvou o teu fillo Xesús, e aquela non
era poeta, era puta, segundo din, por iso non estaba libre de pecado.
Daquela por ben pouco se pecaba.
Pero ninguén está libre de pecado. Non si?,
nin sequera ti.
Acaso, Señor, só sabes chorar?, e nin sequera es poeta,
nin sequera es listo.
Eu penso que máis ben es parvo porque deixas que a humanidade se destrúa,
que os homes se maten, que se odien, que Caín siga matando a Abel todos os días,
que fabriquen bombas atómicas que destrúen o que ti construíches,
a túa obra.
Que has facer despois?
Onde has ir chorar?
Non terás quen che escriba cartas, coma eu che escribo, nin quen che de as queixas,
porque nin sequera habermos ir ó ceo.
Se es listo, un pouco nada máis, nin alí nos has querer porque entón o ceo deixará de ser un
paraíso para converterse nun campo de exterminio.
O ceo é teu, penso, e se é teu, alí non poderemos poñer fronteiras, aínda que ti din que xa llas
puxeches á Terra Prometida. Fronteiras de morte.
Alí, no ceo, non poderemos fabricar armas de destrución masiva,
non haberá estado árabe, nin estado indio, nin estado europeo, nin estados unidos que xa ves
que aquí desunen.
Pero non te fíes, non nos deixes ir para o ceo.
Os homes cada vez son máis listos e xa non cren en Deus, nin sequera os fanáticos,
e non me digas que eses van ir para o inferno,
iso xa o sei, porque vivo nel,
e vexo ó demo por todas as partes,
na televisión véxoo todos os días.
Ás veces, chámase Bin Laden. Ás veces anda con garabata e vive nunha figura xeométrica ou
de cor branca.
El, coma ti, pode estar en todas as partes,
ás veces vese por España,
ás veces polos Emiratos Árabes,

por Rusia ten residencia fixa, senón preguntalles ós chechenos.
O demo, que pensaban que era comunista, agora é membro dos gobernos capitalistas máis poderosos,
vai cos sete máis grandes, case sempre de invitado, e papa ben.
Ser demo ten moitas vantaxes aquí na terra,
non ten oposición, é coma se fose Sadam Husein,
e se a ten fai coma nos Estados Unidos, dá un golpe de estado sen que se palpe.
O demo alí é republicano, pode ser gobernador ou presidente, xefe de policía ou maxistrado.
Señor, eu non sei escribir elexías, nin sequera versos, todo o mundo o sabe,
nin sequera son un mal poeta, nin sequera sei porque che escribo se ti non es ninguén.
Nin sequera ti e o demo xuntos non sodes máis poderosos que esoutro deus chamado Morte,
ese deus xusto que nos fai a todos iguais.
A xente colleuche medo unha vez cando lle mataches o fillo ó faraón,
porque representas á morte, ó máis alá,
porque es vingativo: “Ollo por ollo e dente por dente”, palabras contra puñais, pedras
contra tanques,
e segues matando nenos coma o do faraón, es peor que Herodes.
Pero ti, Señor, podes cambiar o mundo. Se queres pídelles axuda ós poetas, aínda que sexan malditos.
Hölderlin, cantoulle himnos á humanidade, ó amor, á amizade, e cantaba ben.
Rilke, nas súas Elexías, falaba de cambiar o mundo e conservalo.
Están no ceo contigo?
Algúns libros coma os que escribiu Budelair, outro poeta maldito, non se len, xa sabes,
porque ti sábelo todo, que non se le poesía,
pero hai que aturar os discursos de odio dos fascistas, no só dos fascistas de Israel,
os ruídos das bombas,
as declaracións de guerra do Satán americano,
os embargos para que os nenos de Irak e de África morran de fame e por falta de menciñas, e
se non morren de fame, hai que matalos con bombas de acio.
Repito: os nenos, os nenos, os nenos, aqueles ós que lles dicía o teu fillo:
“Deixade que os nenos se acheguen a min”.
Penso que por alí non está o deus mitolóxico que dixen antes, por alí están os señores dos
infernos coa gadaña. Os padriños perfectos, o xudeu, o ianqui, o inglés e o español, os catro
xinetes do apocalipse.
Señor, agora que o penso, ti es un fascista.
O demo só quere ser maldito, máis maldito que os poetas malditos,
cos seus malditos,
porque non tentou ó teu fillo, pero a ti si,
e caíches na trampa, vello!,
porque es un deus vello e necesitas lentes e dentes.
Agora comprendo porque ás veces tes a mirada escura.